



NORMAS DE VOTO

Os/As socios/as da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia poderán votar de dúas formas:

1. VOTO PERSOAL:

O voto exercitarase asistindo persoalmente á sede electoral, ubicada no Hospital Lucus Augusti (Dr. Ulises Romero, 1. 27003 Lugo), o día 19 de novembro de 2021 en horario de 20:00 a 22:00 horas. Debido á pandemia poderase cambiar a sede electoral a un lugar dentro da mesma localidade que a sede do COPG, para cumprir coas recomendacións vixentes no seu momento, ou ter que ser por medios telemáticos. O votante deberá portar documentación identificativa en vigor.

2. VOTO POR CORREO:

O voto emitirase por **correo postal certificado**, garantindo a súa autenticidade, a súa efectividade e o seu carácter segredo, segundo o establecido nos apartados seguintes:

- a) Deberase presentar no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, por escrito e ata o día 5 de novembro de 2021, solicitude de voto por correo.
- b) O/A interesado/a recibirá no enderezo postal que conste no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, se non se facilita outro na solicitude de voto por correo, a documentación necesaria para votar por correo:
 1. Folla explicativa do procedemento de votación.
 2. Papeletas de todas as candidaturas e sobre de votación.
 3. Certificado de inscrición no censo electoral.
 4. Sobre grande co enderezo da Mesa Electoral.